

Condicións Específicas

Tarifa complementaria Generation kWh

As persoas socias da cooperativa SOM ENERGIA, SCCL, poden subscribir coa cooperativa préstamos destinados a financiar instalacións de xeración de enerxía a partir de fontes renovábeis (en diante, **Préstamo Generation kWh**).

Este Préstamo Generation kWh ofrece a posibilidade de consumir, en función do importe concedido no préstamo, unha enerxía eléctrica equivalente á que produce SOM ENERGIA, SCCL, mediante as súas instalacións de xeración a un prezo igual ao resultante dos custos de xeración das instalacións de produción de enerxía eléctrica propiedade de SOM ENERGIA, SCCL, asociadas a Generation kWh.

Este prezo denomínase **Prezo Generation kWh** e é diferente segundo o segmento tarifario aplicábel ao punto de subministración (www.somenergia.coop/gl/tarifas-luz/domestico-generationkwh)

O Prezo Generation kWh pódese aplicar a un Contrato de Subministración de electricidade que sexa titularidade da persoa socia prestamista ou dun terceiro, sempre que se cumpran as condicións establecidas no contrato de préstamo Generation kWh (en diante, **Beneficiaria do Prezo Generation kWh**).

1. DEFINICIÓNS

Todos os termos en maiúsculas incluídos neste documento interpretaranse conforme se definen nel e, en ausencia de definición, tal e como están definidos no Contrato de Subministración de enerxía eléctrica suscrito entre a Contratante e SOM ENERGIA, SCCL.

2. OBXECTO

A Contratante é **Beneficiaria do Prezo Generation kWh** en virtude dun Préstamo Generation kWh e manifestou a súa vontade de que se aplique ao seu Contrato de Subministración o Prezo Generation kWh. A referencia do contrato de préstamo Generation kWh ao que está vinculado este Contrato de Subministración recóllese nas Condicións Particulares.

O obxecto deste documento é adaptar a aplicación das condicións acordadas no Contrato de Subministración como consecuencia da aplicación do Prezo Generation kWh (**Condicións Específicas**), que se calcula como se indica a seguir, e non ten por que supor un aforro respecto ao resto de tarifas aplicadas por SOM ENERGIA, SCCL.

Así, estas Condicións Específicas do Prezo Generation kWh intégranse e forman parte inseparábel do Contrato de Subministración, e o seu contido prevalecerá sobre todo o recollido nas súas Condicións Xerais. No caso de que a Contratante contratase máis dun produto adicional ao Contrato de Subministración e as súas Condicións Específicas entren en contradición, prevalecerán as da data máis recente. En todo caso, o **Prezo Generation kWh** prevalecerá sobre calquera outra tarifa contratada.

3. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

3.1. Estas Condicións Específicas estarán en vigor desde a data que consta nelas, malia que a súa vixencia está condicionada á do Contrato de Subministración e ao contrato de préstamo Generation kWh ao cal está vinculada.

3.2. Do mesmo modo, a resolución por calquera causa do Contrato de Subministración ou do contrato de préstamo Generation kWh suporá a resolución automática destas Condicións Específicas, ao ser requisito esencial para poder contratar o Prezo Generation kWh a existencia dos devanditos contratos en vigor.

3.3. En todo caso, a contratación do Prezo Generation kWh non inclúe unha obriga de permanencia mínima, de forma que a Contratante poderá resolver a contratación

do Prezo Generation kWh en calquera momento comunicando por escrito a súa vontade a SOM ENERGIA, SCCL, mediante o envío dun correo electrónico a generationkwh@somenergia.coop, ou dando de baixa o contrato da modalidade Generation kWh a través da Oficina Virtual.

3.4. De igual modo, SOM ENERGIA, SCCL, poderá resolver de forma unilateral a aplicación do Prezo Generation kWh en calquera momento, comunicándoo cun aviso previo de trinta (30) días naturais.

4. ADAPTACIÓN DA CLÁUSULA 5, «PREZO E ACTUALIZACIÓN»

As Partes acordan modificar a cláusula 5.1 e engadir os apartados 5.4.(iii) e 5.7 do Contrato de Subministración, que quedan redactados como segue:

5.1. A Contratante deberá satisfacer a SOM ENERGIA, SCCL, o prezo de subministración de electricidade aplicábel segundo a tarifa escollida pola Contratante no momento da contratación e recollida nas Condicións Particulares, incluídos os impostos aplicábeis ao tipo vixente en cada momento, así como todas aquelas prestacións patrimoniais ou outras legalmente esixíbeis. Así mesmo, formarán parte do prezo os custos asociados aos servizos de axuste do sistema eléctrico prestado por Rede Eléctrica de España (REE), ou o concepto que en cada momento o substitúa ou modifique, nos termos que resulten aplicábeis conforme a normativa vixente. Estes custos non se entenderán incluídos dentro do termo de enerxía da factura, senón que se repercutirán por separado ou debidamente desagregados conforme a regulación aplicábel en cada momento. Naquelas facturas en que a tarifa Generation kWh e a tarifa indexada coincidan, os Servizos de Axuste correspondentes aos kWh de Generation kWh facturaránse segundo o prezo medio de REE durante o período facturado. Se a Contratante o solicita no momento da contratación ou a posteriori, engadirase ao importe anterior o importe correspondente ao donativo voluntario para axudar ao desenvolvemento de SOM ENERGIA, SCCL, como cooperativa.

5.4.(iii) A parte do Prezo Generation kWh non regulada pola Administración será actualizada anualmente polo Consello Reitor no marco das decisións adoptadas pola Asemblea de SOM ENERGIA, SCCL. Estas modificacións comunicaranse á Contratante cunha antelación de trinta (30) días naturais á

aplicación da modificación e, no caso de que supoñan un incremento do prezo, a Contratante poderá resolver o Contrato comunicándoo a SOM ENERGIA, SCCL, por calquera dos medios establecidos neste Contrato no prazo dos quince (15) días naturais seguintes á devandita comunicación. No caso de non resolver o Contrato nese prazo, a modificación entenderase aceptada pola Contratante.

5.7. Aplicación do Prezo Generation kWh

- a) As Partes acordan que se aplicará o Prezo Generation kWh ao concepto de enerxía do termo variábel da factura en función das accións enerxéticas asignadas, mentres que ao resto da enerxía consumida se aplicará a tarifa indicada no apartado 5.1. O Prezo Generation kWh non afectará ao resto de conceptos da factura (peaxes, pagamentos regulados, taxas etc.).
- b) Cada Acción Enerxética equivale a unha cantidade de enerxía eléctrica (kWh) determinada en función da produción das Plantas Asociadas que constan nas Condicións Particulares do Contrato de Subministración. Esta cantidade de enerxía eléctrica (kWh) á que se aplicará o Prezo Generation kWh repartirase entre o número de contratos de subministración asociados ao Préstamo Generation kWh, atendendo á prioridade de asignación establecida polo titular do Préstamo Generation kWh.
- c) SOM ENERGIA, SCCL, garante á Contratante que o Consello Reitor, en aplicación dos criterios aprobados pola Asemblea Xeral, determinará o Prezo Generation kWh en función estritamente dos custos de produción, para a cooperativa, da enerxía eléctrica producida polas Plantas Asociadas, ao que se engadirá un importe adecuado e proporcional destinado a cubrir os custos regulados establecidos por normativa, os custos xerais da cooperativa e os gastos de xestión, con aplicación dos criterios que constan no Anexo destas Condicións Específicas.

O Consello Reitor aprobará, para cada anualidade, de acordo coas directrices establecidas pola Asemblea Xeral, o Prezo Generation kWh correspondente en función dos custos de obtención, para SOM ENERGIA, SCCL, da enerxía eléctrica producida polas Plantas Asociadas. No Anexo destas Condicións Específicas desagreganse os custos ou gastos e o método de cálculo que SOM ENERGIA, SCCL, tomará en consideración para determinar o Prezo Generation kWh.

A Contratante manifesta coñecer e aceptar que a determinación do Prezo

Generation kWh a que terá acceso se realizará en función dos parámetros establecidos no Anexo deste contrato e será de carácter variábel.

A determinación e cuantificación periódica dos referidos parámetros, mediante a aplicación dos criterios establecidos no Anexo destas Condicións Específicas, é facultade da Asemblea Xeral de Socios de SOM ENERGIA, SCCL, sen prexuízo das actuacións puntuais do Consello Reitor, sometidas ao control e ratificación da Asemblea Xeral, cuestións estas que a Contratante declara coñecer e aceptar.

- d) O Prezo Generation kWh de cada anualidade aprobarao con carácter definitivo o Consello Reitor de SOM ENERGIA, SCCL, e terá efecto na data do 31 de decembro de cada anualidade. Así, até esa data aplicarase con carácter meramente provisional o Prezo Generation kWh, o que pode implicar a regularización do prezo xa aplicado á electricidade que lle corresponda ao socio no transcurso da anualidade se este diferise do definitivo.

Para estes efectos, a Contratante manifesta e acepta que o seu acceso a participar no sistema de autoprodución colectiva non se entende en ningún caso como a transmisión dun valor neto de bens ou dereitos adquiridos por parte do socio prestamista, senón como unha opción exercida de forma conxunta para facilitar que unha parte da enerxía eléctrica consumida sexa equivalente á enerxía eléctrica proveniente de fontes renovábeis que producirán as Plantas Asociadas promovidas e operadas, de forma directa ou indirecta, por SOM ENERGIA, SCCL.

- e) Calquera modificación que afecte ao Prezo Generation kWh comunicarse á Contratante cunha antelación de trinta (30) días naturais á aplicación da modificación e, no caso de que supoña un incremento do prezo, a Contratante poderá resolver o Contrato comunicándoo a SOM ENERGIA, SCCL, por calquera dos medios establecidos neste Contrato no prazo dos quince (15) días naturais seguintes á devandita comunicación. No caso de non resolver o Contrato nese prazo, a modificación entenderase aceptada pola Contratante.

5. ADAPTACIÓN DA CLÁUSULA 7, «FACTURACIÓN E PAGAMENTO»

As Partes acordan modificar a cláusula 7.5 do Contrato de Subministración engadindo o parágrafo seguinte:

«7.5. [...] No caso de ter contratado o Prezo Generation kWh, este será de aplicación prioritaria respecto a calquera outra tarifa contratada, aínda que só se aplicará ao consumo (kWh) proveniente do sistema Generation kWh. A facturación do Prezo Generation kWh farase sobre o consumo correspondente expresado en kWh enteiros, sen decimais.»

SOM ENERGIA, SCCL, puxo á disposición da Contratante estas Condicións Específicas a través do seu sitio web (www.somenergia.coop) con anterioridade á súa contratación. Estas Condicións Específicas subscribíronse mediante sistemas de contratación electrónica e remitiuse un exemplar delas en soporte duradeiro á Contratante logo de finalizar a contratación.

ANEXO

Como se calcula o prezo da tarifa Generation kWh?

A tarifa Generation kWh é a tarifa a que teñen acceso as persoas que forman parte de Generation kWh. Calcúlase en función do custo de xerar electricidade nas plantas dos proxectos máis os gastos para poder comercializar a enerxía.

$$\text{Tarifa Generation kWh} = \left[\begin{array}{c} \text{⚡} \\ \text{Custo de} \\ \text{xerar electricidade} \\ \text{nas plantas} \\ \text{dos proxectos} \end{array} \right] + \left[\begin{array}{c} \text{€} \\ \text{Gastos para} \\ \text{poder comercializar} \\ \text{a enerxía} \end{array} \right]$$

Xa que logo, o custo de xerar electricidade coas plantas de Generation kWh non é un valor fixo, senón que vai variando ao longo da vida útil das plantas do proxecto. Estas variacións poden ser consecuencia de distintos motivos: reparacións, custos de mantemento e administrativos, seguros, cambios na normativa...

O custo de **xerar a enerxía** calcúlase en función do custo de amortización do investimento e dos custos de operación das instalacións, que inclúe o custo de mantemento, o imposto de xeración e custos de operación e xestión. Trátase dun custo independente das variacións de prezo no mercado eléctrico.

A este custo débese engadir o resto de conceptos relacionados coa **comercialización da enerxía** (cargos e peaxes de acceso regulados, pagamentos ao operador do sistema e do mercado, marxe da comercializadora e outros conceptos relacionados coa compra de enerxía etc.).

O método de cálculo completo está especificado [nesta nota técnica \(Anexo I do contrato de préstamo Generation kWh\)](#).

Aplicación do Prezo Generation kWh nas facturas

As persoas participantes no proxecto Generation kWh teñen un determinado número de accións enerxéticas, en función da contribución económica que realizaron no seu

momento. Cada 100 € achegados corresponden a 1 Acción Enerxética. Os dereitos enerxéticos entran en vigor doce meses despois de realizar a achega.

Nun período tarifario determinado (P1, P2...), a xeración de todas as plantas de Som Energia incluídas no proxecto Generation kWh divídese entre o número de accións enerxéticas existentes. Esta cantidade multiplícase polas accións enerxéticas que realizou cada participante. Isto permite establecer os kWh a Prezo Generation kWh que se deben aplicar ás facturas de cada unha das persoas participantes.

Ao mesmo tempo, se un contrato durante un período tarifario determinado (por exemplo, o período val) utiliza máis enerxía da que lle corresponde ese mes a Prezo Generation kWh segundo as accións enerxéticas asignadas, o consumo de máis cobrarase aplicando a tarifa estándar que corresponda. Se acontece ao revés, que durante o período tarifario se utiliza menos enerxía da que corresponde a Prezo Generation kWh, os kWh «sobrantes» gardaranse para o mes seguinte ou asignaranse aos contratos en prioridade secundaria (ou terciaria etc.).

Así, os kWh sobrantes vanse acumulando nunha «bolsa de kWh» que se pode consultar directamente na Oficina Virtual. Estes teñen unha caducidade de doce meses desde a data de xeración.

Na factura, **o prezo de custo aplícase na parte de enerxía**. Os demais conceptos da factura (impostos, alugueiro do contador...) permanecen igual. Así, segundo os diferentes factores mencionados, nunha factura determinada pódense aplicar máis ou menos dereitos enerxéticos e aparecerán dúas liñas independentes de enerxía: unha para a enerxía a prezo segundo a tarifa estándar e outra para a enerxía a Prezo Generation kWh. **A enerxía Generation kWh factúrase por kWh enteiros, sen decimais.**

As persoas socias participantes en Generation kWh poderán ter varios contratos asociados á súa participación e poderán definir, a través da Oficina Virtual, a orde de prioridade segundo a cal os contratos facturarán os kWh. Terá que haber como mínimo un contrato asociado para usar a enerxía procedente de Generation kWh. É responsabilidade da persoa titular asegurarse de que algún contrato recibe os dereitos enerxéticos Generation kWh, xa que os cambios de titularidade ou as novas altas contractuais non se asociarán de maneira automática ao programa Generation kWh.

Máis información sobre os criterios da asignación de kWh e a repartición segundo o período [nesta nota técnica \(Anexo II do contrato de préstamo Generation kWh\)](#).